

## ACTIVIDADES DE REFORZO INGLÉS (2ª AVALIACIÓN) 4º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Ademais de ver os vídeos e realizar as actividades da páxina web do colexio, aconséllase realizar as seguintes tarefas:

- Estudar as fichas de vocabulario das Unidades 3 e 4. Se non as atopades tendes o vocabulario básico na páxina inicial e nas unidades 3 e 4 do ClassBook. Podedes escribir o vocabulario nun caderno e practicalo.
- Revisar os vosos Activity Books e realizar os exercicios que vos falten ata a Unidade 4.
- Nomear os edificios (vocabulario da páxina 26 do Class Book) que hai na vosa rúa ou na vosa cidade.

**Exemplo: In my street/town there is a hospital, a bank, a school, etc.**

- Debuxar ou buscar unha foto en internet dunha cidade con varios edificios e dicir onde están utilizando as preposicións between, opposite, behind, in front of, ... Podedes consultar a páxina 32 do Activity Book ou a páxina 29 do Class Book.

**Exemplo: The bank is in front of the restaurant. The restaurant is between the shop and the school.**

- Escribe 5 actividades que che guste realizar e 5 que non (podes inventalas). Podes consultar a páxina 36 do Activity Book e a 36 do Class Book.

**Exemplo: I like taking photos. I love doing exercises. I don't like skipping.**

- Escribe 5 preguntas sobre actividades (vocabulario da páxina 36 do Class Book) e pregúntalle a alguén da túa familia se lle gusta realizalas ou non.

**Exemplo: Do you like watching TV? Yes, I do/No, I don't.**

- Escribe dúas actividades que che guste facer en cada parte do día (in the morning, in the afternoon, in the evening, at night).

**Exemplo: I like reading comics and doing exercises in the morning.**

- Escribe 5 actividades que lle guste facer e 5 que non a alguén da túa familia.

**Exemplo: My father likes cooking. He doesn't like playing cards.**

Cando vaiades realizando algunha destas actividades podedes enviarmas por e-mail (sacando unha foto ou escaneando) a [bealboradaenglish@gmail.com](mailto:bealboradaenglish@gmail.com)

Se tendes algunha dúbida, podedes consultarme tamén neste mail.

Moito ánimo